

Praza número: 26/1004

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría

Departamento: Ciencias da Saúde

Documento 2

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN E APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

Ás 11:00 horas do día 21 de XULLO de 2026 constitúese a comisión xulgadora do concurso enriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidencia: CAROLINA ROSENDE BAUTISTA

Secretaría: PEDRO GIL MANSO

Vogal 1º: NURIA ESTHER VARELA FEAL

Repr. persoas traballadoras: DANIEL LÓPEZ LÓPEZ

Todas as persoas que integran esta comisión manifestan que non incorren en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de interese das establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023. A continuación, a comisión aproba os **criterios de valoración** dos méritos das persoas candidatas:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afín/s multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidade/s de coñecemento afín/s a/s seguinte/s: NON establecer especialidades de coñecemento afíns polas características específicas da praza en concurso.....

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

A comisión EXPON:

Praza número: 26/1004

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría

Departamento: Ciencias da Saúde

A especialidade de coñecemento da praza: Enfermaría está condicionada polo feito de que o Grao en Enfermaría é un título profesionalizante regulado pola Ley 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, pola DIRECTIVA 2005/36/CE DO PARLAMENTO EUROPEO e DO CONSELLO do 7 de setembro de 2005 relativa ó recoñecemento de cualificacións profesionais (Enfermaría) e pola ORDEN CIN/2134/2008, de 3 de xullo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio da profesión de Enfermeiro/a. Polo tanto, os docentes da especialidade de coñecemento de Enfermaría deben ter competencias profesionais enfermeiras.

A Comisión ACORDA que:

1.- Tras a valoración dos méritos dos/as candidatos/as, só se propoñerán candidatos/as para a provisión da praza 26/1004 que estean en posesión do título de diplomado/a ou graduado/a en Enfermaría e que polo menos un 50% dos méritos que presenten sexan da especialidade de coñecemento da praza (Enfermaría) nos bloques do ANEXO I da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024).

2.- Empregará o baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

I. FORMACIÓN ACADÉMICA. Puntuación máxima: 100 puntos

1. Expediente académico (grao e mestrado, ou licenciatura). Puntuación máxima: 50 puntos

Valorarase o expediente académico segundo a nota media calculada sobre 10. No caso de posuír unha licenciatura ou titulación equivalente, a nota media suporá o 100 % da puntuación nesta sección. No caso de posuír unha titulación de grao ou unha diplomatura, a nota media computará un 80 % da cualificación global e a de mestrado un 20 %.

A nota media multiplicarase por 5.

Nota: no caso de non figurar a nota media calculada sobre 10 na certificación académica, haberá que achegar tamén a declaración da nota media no formulario normalizado. De non facelo, considerarase que a cualificación obtida na titulación é de 5 puntos.

Praza número: 26/1004

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría

Departamento: Ciencias da Saúde

2. Tese de doutoramento. Puntuación máxima: 30 puntos

A puntuación outorgarase segundo a cualificación obtida: sobresaliente cum laude ou apto cum

laude (10 puntos), sobresaliente (9 puntos), apto (8 puntos), notable (7 puntos), aprobado (5 puntos). Cando a tese de doutoramento obtivese a mención europea ou internacional sumaranse

2 puntos.

A puntuación obtida multiplicarase por 2,5.

3. Premios extraordinarios. Puntuación máxima: 10 puntos

Premios extraordinarios de grao ou de licenciatura. Premio nacional (6 puntos), 2º premio nacional (4 puntos), 3º premio nacional (2 puntos), mención do premio nacional (1 punto), premio autonómico (2 puntos), premio da universidade (1 punto). En caso de acadar varios premios só se terá en conta o de maior puntuación.

Premio extraordinario de mestrado: 1,5 puntos.

Premio extraordinario de doutoramento: 2,5 puntos.

Só se terá en conta un premio por cada nivel de estudos.

4. Outras titulacións universitarias relevantes para a praza. Puntuación máxima: 10 puntos

Só se terán en conta as titulacións non valoradas en I.1 e I.2 (nivel de diplomatura, grao, licenciatura, mestrado ou doutoramento): 2 puntos por cada titulación.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: certificacións académicas oficiais expedidas polas autoridades

competentes. No caso dos méritos alegados en I.1, achegarase a declaración de nota media xunto coa certificación académica cando nesta non figure a nota media calculada sobre 10.

EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima: 100 puntos

1.Docencia universitaria en titulacións oficiais. Puntuación máxima: 80 puntos

A valoración da docencia impartida realizarase segundo a dedicación a tempo total ou parcial dos contratos: tempo completo (8 puntos por ano), P6 (6 puntos por ano), P5 (5 puntos por ano), P4 (4 puntos por ano), P3 (3 punto por ano). En contratos de duración inferior a un ano, a puntuación será proporcional ao tempo de duración do contrato.

Praza número: 26/1004

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría

Departamento: Ciencias da Saúde

No caso de contratos predoutorais e posdoutorais, a valoración será por hora de docencia: 0,03 puntos por hora impartida. O número de horas valoradas non poderá ser superior ao máximo de horas de docencia recollidas nas convocatorias dos contratos. Docencia impartida en centros privados ou adscritos: 50 % das puntuacións anteriores.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: folia de servizos ou contrato de traballo, e certificación de docencia asinada pola autoridade competente

2 Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Dentro de cada categoría avaliarase máis de un mérito, excepto no caso da avaliación do programa Docentia, cun máximo de cinco méritos.

a) A última avaliación recibida no programa Docentia (valoración excelente: 4 puntos; valoración notable: 3 puntos; valoración suficiente: 2 puntos)

B) Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: A puntuación outorgada a cada manual obterase dividindo a puntuación máxima (4 puntos) entre o número de autores do manual.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Pertenza a grupo de innovación docente 1 punto por curso académico. Ata un máximo de 4 puntos.

Participación en proxectos docentes 1 punto por cada curso académico no que se participe en el proxecto de innovación docente. Ata un máximo de 4 puntos.

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: Outorgaranse 0,2 puntos por cada mes acreditado en estadias docentes, en caso de estadias inferiores a 1 mes puntuarase a parte proporcional.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: Outorgaranse 0,4 puntos por cada mes acreditado en estadias por mobilidade STA ou similares en caso de estadias inferiores a 1 mes puntuarase a parte proporcional.

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: Outorgaranse 0,5 puntos por cada mérito acadado e acreditado pola entidade correspondente

Praza número: 26/1004

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría

Departamento: Ciencias da Saúde

g) Artigos de docencia publicados en revistas académicas (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado): Outorgaranse 0,5 puntos por cada artigo de docencia publicado en revistas académicas nacionais, 1 punto por cada artigo de docencia publicado en revistas académicas internacionais.

h) Comunicacions en congresos de innovación docente (máximo de 1 punto por cada mérito alegado): A puntuación outorgada será: comunicación en formato poster 0.10 puntos, en formato comunicación oral 0.25 puntos, en formato ponencia por invitación: 0,5 puntos.

Si o evento onde se comunica e de ámbito nacional multiplicarase a puntuación por 0,5, se e de ámbito internacional multiplicarase por 1 punto.

Se a comunicación resultou premiada multiplicarase por 2.

i) Formación docente impartida (1 punto por cada bloque completo de 50 horas)

En caso de presentar méritos de menos de 50 horas outorgarase a puntuación proporcional.

j) Formación docente o de especialización recibida (1 punto por cada bloque completo de 100 horas).

En caso de presentar méritos de menos de 100 horas outorgarase a puntuación proporcional.

k) Coñecemento da lingua inglesa (nivel C2: 4 puntos; nivel C1: 3 puntos; nivel B2: 2 puntos; nivel B1: 1 punto).

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: certificacións expedidas pola autoridade académica competente. No caso das publicacións, copia da primeira e da última páxina da publicación xunto co índice xeral e as páxinas que conteñan os créditos editoriais. No caso das comunicacións, certificación da participación no congreso e resumo do traballo ou copia da publicación no libro de actas.

EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA. Puntuación máxima: 100 puntos

Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0,25 e 1 que poderá ter en conta o número de persoas autoras da publicación, e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Os artigos publicados en revistas científicas valoraranse con **2,5 puntos** se as revistas están incluídas en Scopus ou na Web of Science.

Praza número: 26/1004

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría

Departamento: Ciencias da Saúde

Os artigos publicados en revistas científicas non incluídas en Scopus ou na Web of Science, mais que contén con indicadores de calidade e revisión por pares valoraranse con de **0,5 puntos** se están incluídas noutras bases de datos de referencia para os respectivos ámbitos de coñecemento: Dialnet Métricas. IDR (Índice Dialnet de Revistas) (para Ciencias Sociais, Humanidades e Ciencias Xurídicas), ERIHPlus (para Ciencias Xurídicas), RIBA Online catalogue (para Arquitectura e Urbanismo), selo de calidade FECYT. **A valoración conxunta destes artigos non poderá superar os 5 puntos.**

Os artigos premiados terán unha valoración adicional de 0,5 puntos

A puntuación obtida en cada artigo aplicarase un coeficiente multiplicador do seguinte modo:

Artigo en revista Q1 firmado por ata 6 autores multiplicarase por 1

Artigo en revista Q2 firmado por ata 6 autores multiplicarase por 0,75

Artigo en revista Q3 e Q4 firmado por ata 6 autores multiplicarase por 0,5

Artigo en revista Q1 firmado por máis 6 autores multiplicarase por 0,80

Artigo en revista Q2 firmado por máis 6 autores multiplicarase por 0,55

Artigo en revista Q3 e Q4 firmado por máis 6 autores multiplicarase por 0,30

Os libros e capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio da editorial. A puntuación máxima dun capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: A puntuación outorgada será: Por cada libro ou monografía 5 puntos., 1 punto por cada capítulo. (Máximo 3 puntos nun mesmo libro); 2 puntos por tradución, compilación ou edición anotada e 1 punto por Guías clínicas editadas e avaladas polo sistema el público de saúde.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: no caso dos artigos publicados en revistas, DOI e/ou ligazón permanente ao traballo depositado en repositorios institucionais; no caso dos libros e capítulos de libro, a copia da primeira e da última páxina da publicación xunto co índice xeral e as páxinas que conteñan os créditos editoriais.

Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Praza número: 26/1004

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría

Departamento: Ciencias da Saúde

Só se valorarán un máximo de 10 contribucións, co límite dunha comunicación por congreso.

Só se terán en conta os traballos presentados en reunións científicas organizadas por asociacións científicas nacionais ou internacionais.

Cada contribución valorarase do seguinte modo:

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: comunicación en formato poster 0.10 puntos, en formato comunicación oral 0.25 puntos, en formato ponencia por invitación: 0,5 puntos.

Si o evento onde se comunica e de ámbito nacional multiplicarase a puntuación por 0,5, se e de ámbito internacional multiplicarase por 1 punto.

Se a contribución recibiu algún premio se sumarán 0,5 puntos.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: a certificación de participación no congreso e o resumo do traballo ou a copia da publicación no volume de actas.

3.Bolsas e contratos pre e posdoutorais. Puntuación máxima: 10 puntos

Valoraranse únicamente os contratos de formación predoutoral e posdoutoral correspondentes a convocatorias competitivas de carácter público: Programa de formación do profesorado universitario (FPU), Programa de formación do persoal investigador (FPI), predoutorais e posdoutorais da Xunta de Galicia, Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Juan de la Cierva e outras de carácter equivalente.

A valoración será de 2,5 puntos por ano de bolsa ou de contrato. No caso de contratos inferiores a un ano de duración, a puntuación será proporcional ao tempo de duración do contrato.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: a copia do contrato ou da credencial de concesión da bolsa e certificación emitida pola autoridade competente en que conste o período efectivo de vinculación contractual ou de ser beneficiario/a da bolsa.

4.Estadías pre e posdoutorais. Puntuación máxima: 10 puntos

Só se valorarán as estadías realizadas en centros de prestixio e cando a persoa candidata tivese un vínculo contractual coa universidade ou cunha institución de investigación ou cando fosen realizadas nun programa específico de financiamento da mobilidade investigadora. Para ser valorada a estadía deberá ser dun mínimo de quince días.

A valoración será de 0,25 puntos por mes (ou, de ser o caso, parte proporcional).

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: o permiso da institución de orixe, convite do centro de destino e certificación da realización da estadía.

Praza número: 26/1004

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría

Departamento: Ciencias da Saúde

5. Dirección de teses. Puntuación máxima: 5 puntos.

Só se valorarán as teses de doutoramento defendidas, con 2,5 puntos por tese.

Nas codireccións, a puntuación dividirase entre o número de directores/as. A mención de doutoramento internacional sumará 0,5 puntos.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: a certificación expedida pola autoridade académica competente.

6. Participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación. Puntuación máxima: 20 puntos

A participación en proxectos de investigación financiados por entidades públicas ou privadas realizadas en réxime de publicidade, obxectividade e concorrência competitiva, e con avaliación externa [Consejo Europeo de Investigación (ERC), Agencia Estatal de Investigación (AEI), axencias autonómicas], valorarase segundo o tipo de proxecto e de participación. No caso de ser investigador/a principal (IP) a valoración será de 6 puntos por proxecto europeo; 4 puntos por proxecto estatal; 2 puntos por proxecto autonómico; 1 punto noutros casos.

No caso de ser membro do equipo de investigación ou de traballo ou contratado como investigador/a con cargo a proxecto, a puntuación será a metade.

A participación en convenios ou contratos de investigación regulados polo artigo 83 LOU ou 60 LOSU valorarase cun máximo de 3 puntos por convenio, de acordo coas seguintes indicacións, sempre que a persoa sexa IP: financiamento ata 10 000 €, 0,2 punto por convenio; financiamento superior a 10 000 €, 0,4 puntos por cada 10 000 €. No caso de ser membro do equipo, a puntuación será a metade.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: unha certificación expedida pola autoridade académica competente en que conste o nome do proxecto, convenio ou contrato, a entidade financiadora, o financiamento recibido e o tipo de participación da persoa candidata.

Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Só se poderá presentar un máximo de 5 méritos.

Valoraranse as patentes, os rexistros da propiedade intelectual, os desenvolvementos tecnolóxicos, a creación de empresas de base tecnolóxica ou spin-off e outras actividades de transferencia e divulgación, incluídos, nas especialidades de coñecemento que proceda, o comisariado ou organización de exposicións, a elaboración de informes técnicos e os proxectos

Praza número: 26/1004

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría

Departamento: Ciencias da Saúde

singulares arquitectónicos ou de enxeñaría, cunha puntuación máxima de **2 puntos por mérito**.

DOCUMENTACIÓN: as certificacións emitidas polos organismos correspondentes.

EXPERIENCIA PROFESIONAL. Puntuación máxima: 100 puntos

Se valorará a actividade profesional desenvolvida como enfermeira/o

Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

. A valoración será de 5 puntos por ano con dedicación a tempo completo; en no caso de adicación a tempo parcial ou períodos inferiores a un ano, a valoración será proporcional.

Valorarase a experiencia como titor/a no ámbito profesional de prácticas externas cun 0,25 puntos por cada 100 horas. La valoración máxima por este concepto será de 10 puntos.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: o informe de vida laboral, os contratos e a certificación da actividade profesional realizada que inclúa os postos e as funcións desempeñadas. Para as prácticas externas, a certificación expedida pola universidade.

.....

Ferrol, 21 de xullo de 2026 .

A presidencia,

Carolina Rosende Bautista

A secretaría,

Pedro Gil Manso